

7.9 57843 (10/POP-006870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

7.10 54924 (10/POP-006511)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

Resolución do 11 de novembro de 2019, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal da Institución do Valedor do Pobo.

Por resolución da valedora do pobo do 14 de decembro de 2015 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de traballo de secretario/a xeral, coordinador/a xeral e xefe/a do Servizo de Administración e Persoal da Institución do Valedor do Pobo. A convocatoria publicouse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 575, do 22 de decembro de 2015, e no *Diario Oficial de Galicia* nº 245 do 24 de decembro de 2015.

Finalizada a tramitación do procedemento correspondente á provisión do posto de xefe/a do Servizo de Administración e Persoal, en exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.I) do Regulamento de Organización e Funcionamento da Institución,

RESOLVO:

Nomear a María José Castro Carballal xefa do Servizo de Administración e Persoal do Valedor do Pobo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da pu-



blicación desta resolución do *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

